

Contrato de servizos Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
Documento CON12I1AN	Expediente CON/32/2018	Data Creación: 20-07-18 09:39

ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de execución de diversas operacións de roza, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, carreiros fluviais e parcelas municipais do termo municipal de Santiago de Compostela -Campaña Complementaria 2018.

TIPO DE LICITACIÓN: 100.000 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto simplificado.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 24 de xullo de 2018, ás 9:18 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Rafael Peña Vidal.

Vogais:

D. Antonio Ranedo Santillana, xefe de servizo de proxectos e obras.

D^a. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.

D. Xoaquín Monteagudo Romero, director da Asesoría Xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten D^a María Corral, representante do grupo Popular e D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE, en calidade de observadores (acordo XGL 18/5/2018).

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	11/07/2018	32.052	B15411705 ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL
2	12/07/2018	32.168	B15539737 EXCAVACIONES ROBERTO, SL
3	17/07/2018	32.858	B15648223 ALCOMTE GALICIA, SL
4	17/07/2018	32.974	B15608193 OBRAS Y VIALES DE GALICIA, SL
5	17/07/2018	32.903	32.788.272-VIÑAL IGLESIAS EULOGIO-32.771.912-V SANMARTIN FERREIRO JUAN
6	18/07/2018 *	33.197	B15464795 GESTAL Y LOPEZ, S.L.

* Proposición recibida por correo

A mesa de contratación procede á apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas dos distintos licitadores, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PROPOSICIÓN ECONÓMICA
1	ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL	17,20%
2	EXCAVACIONES ROBERTO, SL	20,25%
3	ALCOMTE GALICIA, SL	27,00%
4	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, SL	18,45%
5	UTE EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA- OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	28,05%
6	GESTAL Y LOPEZ, S.L.	19,10%

<i>Documento</i> CON12I1AN	<i>Expediente</i> CON/32/2018	<i>Data Creación:</i> 20-07-18 09:39
-------------------------------	----------------------------------	---

A continuación procédese á verificación da presentación da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos eles apórtana correctamente cumprimentada.

Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios, o que requerirá a previa determinación do persoal ofertado e a verificación da documentación acreditativa dos seus méritos.

Ás 9:25 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA



Contrato de servizos Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
Documento CON12I1AN	Expediente CON/32/2018	Data Creación: 20-07-18 09:39

ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de execución de diversas operacións de roza, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, carreiros fluviais e parcelas municipais do termo municipal de Santiago de Compostela -Campaña Complementaria 2018.

TIPO DE LICITACIÓN: 100.000 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto simplificado

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 1 de agosto de 2018, ás 9:06 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Rafael Peña Vidal.

Vogais: D^a. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.
Dna. María Luisa Prego de Oliver, en representación da Asesoría Xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Procédese á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adxudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, que se acompaña á presente acta e que conta co voto favorable de todos os membros da mesa. Non obstante faise constar que se rexeita a posibilidade de excluír a oferta da UTE EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA- OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU por entender como excesivamente formal a consideración sobre a falta de compromiso de adscrición de persoal, cando sí se presenta unha relación nominal de traballadores, como no propio informe se indica.


Da análise do referido informe despréndese que quén acadou a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é o licitador ALCOMTE GALICIA SL.

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar á concelleira delegada de economía, facenda e administración o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador ALCOMTE GALICIA SL, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta unha porcentaxe de baixa do 27,00% sobre o cadro de prezos unitarios definido no prego técnico de aplicación a executar ata un importe máximo de 100.000 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9:08 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA



Contrato de servizos Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON12I1AN	<i>Expediente</i> CON/32/2018	<i>Data Creación:</i> 20-07-18 09:39

ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de execución de diversas operacións de roza, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, carreiros fluviais e parcelas municipais do termo municipal de Santiago de Compostela -Campaña Complementaria 2018.

TIPO DE LICITACIÓN: 100.000,00 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: aberto simplificado

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 23 de agosto de 2018, ás 9:00 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Rafael Peña Vidal

Vocales:

D. Antonio Ranedo Santillana, xefe do servizo de Proxectos e Obras.

Dna. Ana Gago Fernández, Viceinterventora Municipal.

D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da asesoría xurídica municipal.


Secretario: Dna. Rocío Montañés Fernández, xefa do servizo de contratación e servizos comunitarios.

Tamén asisten D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo Popular e D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE, en calidade de observadores (acordo XGL 18/5/2018).

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, ALCOMTE GALICIA SL, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 9:10 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA**



O/A SECRETARIO/A DA MESA

